



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO ÁMBITO DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO "D3.6 – RÚA LAGOA" DO CONCELLO DE SADA

Nome do plan: Plan especial de reforma interior do ámbito de solo urbano non consolidado "D3.6–rúa Lagoa"

Promotor e órgano substantivo: Concello de Sada

Expediente: 2022AAE2691

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Sada aprobouse definitivamente o 11.10.2017 (DOG do 29.11.2017), tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 27.05.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Sada no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de reforma interior do ámbito do solo urbano non consolidado D3.6–rúa Lagoa" (en diante Plan ou PERI). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 3 O 31.05.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).



A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación do plan e características ambientais

Ámbito de actuación: solo urbano non consolidado delimitado no PXOM como APR-PERI-D3.6. Emprázase no suroeste do tramado urbano da vila de Sada, á beira da rúa da Lagoa (estrada DP-0812).

Superficie: 6.757 m²


Principais características ambientais:

O ámbito do PERI ocupa un espazo intersticial do núcleo urbano, nunha zona na que se mesturan varios equipamentos comunitarios (escola infantil, instituto, tanatorio, campos de fútbol e outras instalacións deportivas) con edificacións residenciais de variada tipoloxía. No interior do ámbito existen dúas vivendas unifamiliares con anexos e xardíns. Os terreos son chans e están ocupados por vexetación herbácea e ornamental.

O ámbito está inserido na área continua de ordenación do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL), sen incidencia de espazos de interese nin de corredores ecolóxicos.

Na contorna próxima atópanse as Brañas de Sada, zona húmida recollida no Catálogo das Paisaxes de Galicia como lugar de interese paisaxístico, declarada espazo natural de interese local (ENIL) e incluída tamén no Inventario dos humidais de Galicia.

Segundo a cartografía oficial dispoñible¹, o ámbito está afectado pola zona inundable do rego Maior para avenidas cun período de retorno de 500 anos (probabilidade baixa).



¹ Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (www.miteco.gob.es/es/agua/temas/gestion-de-los-riesgos-de-inundacion/snczi/)



O ámbito dispón de boa comunicación viaria coa contorna, tanto pola estrada provincial DP-0812, principal vía de entrada e saída da vila de Sada polo suroeste, como pola rúa urbana Alameda.

Nas rúas que bordean o ámbito existen redes municipais de abastecemento de auga e de saneamento.

2. Características do plan especial

Obxecto: desenvolver un ámbito de solo urbano non consolidado para completar a trama urbana na zona suroeste da vila, co que se obterá solo público para un equipamento sanitario (centro de saúde).

Alternativas: no documento ambiental estratéxico estúdanse tres alternativas:

- A alternativa 0, ou non formular a proposta, o que suporía manter o escenario actual, cun tramado urbano inacabado e sen posibilidade de implantar un novo centro de saúde.
- A alternativa 1 propón desenvolver o PERI conforme á delimitación e determinacións recollidas no PXOM.
- A alternativa 2 propón axustar a delimitación do ámbito (menos do 10%) para adaptala á realidade actual, atendendo á maior precisión da cartografía dispoñible e á demolición do almacén que estaba situado na parcela lindeira co tanatorio debido á urbanización da rúa Alameda.

Proposta: o promotor opta por desenvolver a alternativa 2 ao considerar que resulta máis coherente cos obxectivos pretendidos polo plan.

Delimítase un quinceiro para uso residencial con vivenda plurifamiliar en bloque aberto e altura de catro plantas (unhas 20 novas vivendas), e outro para o equipamento sanitario.

Proxéctase un viario interior que conectará o campo de fútbol e a avenida da Coruña coa rúa da Lagoa. Tendo en conta as características do novo equipamento previsto, incrementase o número de prazas de aparcamento público recollido no PXOM (15) ata 54, destinando dúas delas a persoas con mobilidade reducida.

As redes interiores de abastecemento de auga e saneamento do ámbito conectaranse ás redes existentes que discorren polas rúas lindeiras.



Zonificación proposta





3. Período de consultas previas

Durante o período de consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico só se recibiu o informe do Instituto de Estudos do Territorio, cuxo contido resúmese a continuación:

Indica que na medida en que o PERI supón a ordenación dun espazo en certo estado de abandono pode implicar melloras para a paisaxe urbana, en concreto no que atinxe á conectividade viaria e acceso da cidadanía a máis espazos públicos e verdes libres. Por outra banda sinala que se ben a alternativa proposta (2) empeora a integración paisaxística da proposta contemplada na ficha do PXOM porque o espazo edificable aumenta, a posición desta parcela non xera impactos significativos toda vez que o equipamento situado ao norte desta xa impide as panorámicas das Brañas de Sada dende a rúa da Lagoa.

Conclúe que o plan pode provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico. En todo caso, debe ampliarse o estudo da paisaxe co fin de mellorar a integración paisaxística da actuación.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan especial desenvolve urbanisticamente un ámbito de solo urbano non consolidado na vila de Sada, permitindo a obtención de solo público para un novo centro de saúde.

Este plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O ámbito territorial ten unha reducida extensión (0,7 ha) e ocupa un espazo intersticial da trama urbana, polo que non terá efectos significativos no que se refire a ocupación do recurso solo.

O ámbito queda emprazado na área continua de ordenación do POL, que é a considerada apta para acoller desenvolvementos urbanísticos, e non ten incidencia sobre corredores ecolóxicos nin espazos de interese.

A proposta permitirá ordenar e urbanizar un espazo que actualmente presenta un certo grao de abandono, incidindo positivamente na configuración da paisaxe urbana, ademais de contribuír favorablemente á mobilidade na zona, mellorando a conectividade viaria, e á posta a disposición da cidadanía de máis espazos libres e equipamentos públicos.

No ámbito non existen espazos nin elementos con destacado valor ambiental. Tampouco é previsible que o desenvolvemento urbanístico vaia producir efectos sobre o ENIL Brañas de Sada, situado nas proximidades.

Non se detecta a existencia de bens do patrimonio cultural con especial interese que poidan verse afectados polo plan.

Segundo a información dispoñible, o ámbito está afectado pola zona inundable (T500) asociada ao rego Maior, polo que o plan deberá dar cumprimento ás limitacións aos usos nesta zona que establecen o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (artigo 14bis) e





o Plan Hidrológico Galicia-costa, sen menoscabo doutras determinacións que poida establecer o organismo de bacía.

A empresa xestora do sistema municipal de abastecemento de auga (Viaqua) informou o 04.05.2022 que as infraestruturas existentes son suficientes para garantir a continuidade do servizo no ámbito do plan. Con respecto ao saneamento, o informe emitido polos servizos técnicos municipais deixa constancia da suficiente capacidade dos colectores da rúa da Lagoa para dar servizo ao ámbito. En todo caso, dada a escasa entidade do desenvolvemento proxectado, as novas necesidades en materia de abastecemento e saneamento non serán relevantes no conxunto do núcleo.

En conclusión, non se agardan efectos ambientais significativos.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de reforma interior do ámbito do solo urbano non consolidado D3.6-rúa Lagoa". Porén, é preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- En atención ao manifestado polo Instituto de Estudos do Territorio:
 - O plan deberá conter un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 8 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03), que se completará cun estudo da paisaxe urbana (artigo 36 do citado Regulamento).
 - Tendo en conta a proximidade do ámbito a o espazo protexido das Brañas de Sada, nas zonas verdes deberá optarse preferentemente por especies autóctonas e prohibir o uso de especies alóctonas invasoras nas novas plantacións. Estas, e o resto de medidas preventivas e correctoras, condicións, factores ou elementos específicos que determinarán a integración paisaxística, deberán incorporarse á normativa.
- O plan dará cumprimento ás limitacións aos usos na zona inundable que establecen o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e mais o Plan Hidrológico de Galicia-costa, sen menoscabo do que dispoña o organismo de bacía no informe sectorial preceptivo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de reforma interior do ámbito do solo urbano non consolidado D3.6–rúa Lagoa”, no concello de Sada, posto que non se prevén efectos ambientais significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Sada xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

